



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E A FISCALÍA XERAL DO ESTADO PARA A REALIZACIÓN DUN CURSO BÁSICO DE LINGUA GALEGA PARA O ÁMBITO XURÍDICO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Lingua da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude **DECLARA:**

Que se pretende formalizar coa **Fiscalía Xeral do Estado** instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31.12.2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral da Lingua, e a Fiscalía Xeral do Estado, para a realización dun curso básico de lingua galega para o ámbito xurídico, na modalidade de teleformación, de 70 horas de duración.

Que existe converxencia de intereses entre as partes para a consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional se fundamenta no seguinte:

As partes pretenden colaborar conxuntamente para fomentar e promover o uso da lingua galega, de acordo co disposto na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, que establece que o galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da comunidade autónoma, da súa Administración, da Administración local e das entidades públicas dependentes da comunidade autónoma. Así mesmo, a Xunta de Galicia promoverá, de acordo cos órganos correspondentes, a progresiva normalización do uso do galego na Administración de xustiza (artículo 7.3).

As partes tamén colaborarán na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega, que se aprobou en 2004 co fin de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade galega, e no que se destacan os seguintes obxectivos específicos respecto da Administración de xustiza en Galicia: introducir o galego como lingua normal de traballo nesta área; mellorar a disposición do persoal funcionario cara ao uso do galego, así como a súa capacitación; e actualizar os recursos técnicos para facilitar o traballo en galego do persoal funcionario.

Que os intereses converxentes das partes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante un contrato dos reflectidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

De acordo co exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura dun convenio de colaboración, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase dixitalmente esta memoria en Santiago de Compostela.

O secretario xeral da Lingua

Valentín García Gómez

